# Lagarta lagarta **Aeroplanos**

## venres 20 febreiro. 21 h

**Autor:** Carlos Gorostiza
**Dirección:** Rosa Álvarez
**Elenco:** Ernesto Chao,
Xosé M. Olveira "Pico".



*Aeroplanos* é unha comedia de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles.

*Aeroplanos* é unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo; unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia; unha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo.

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

caixanova

AGADIC
Axencia Galega das
Industrias Culturais

www.concellodobarco.org

# Teatro Lauro Olmo

## programación_xaneiro_febrerio_09



# Uróc Teatro **Adosad@s**

## venres 30 xaneiro. 21h

**Autor:** John Petrof. **Dirección:** Juan Margallo.
**Elenco:** Juan Margallo, Petra Martínez

De dous en dous nun chalé deadosados viven eles, EL e ELA, e outros moitos dous. Estes son os mais ados@ados de todos, ata tal punto que non se podería distinguir moi ben quen é o un e a outra, ou a outra e o un, que ao non saber quen son, difícil sería saber quen senta á esquerda e quen á dereita do espectador.

Postos a opinar, opinan sobre todo. Sobre a emigración, sobre a seguridade, sobre os tránsfugas, sobre a política e, sobre todo, sobre o que está ocorrendo no momento: o teatro, que adoita ser tan falso como a vida mesma....

En 1985, Petra Martínez e Juan Margallo fundan o grupo Uróc, herdeiro xenuino dos grupos Tábano, El Búho e El Gayo Vallecano. As montaxes de Uróc figuran entre as que pasaron a historia do teatro independente español.

# Zascandil
# **No quemes la vida**

**xoves 5 febreiro**
Funcións escolares, 10 e 12 h

**Autores:** Ignacio del Moral e José Carlos Rubio

Forma parte dunha campaña de concienciación contra os indendios forestais promovida polo **Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino**




---

# Teloncillo **Marco Polo**

**venres 6 febreiro.** Funcións escolares, 10 e 12 h



**Dramatúrxia e dirección:** Claudio Hochman. **Elenco:** Javier Carballo, Silvia Martín e Juan Luis Sara

Tres actores vanse metamorfoseando nos diferentes personaxes cos que se vai atopando Marco Polo.

Tres actores que, do mesmo xeito que Marco, deixaranse seducir polo novo, o distinto, o raro, o marabilloso?

## CINE**CLUB**GROUCHO**MARX**




**xoves 29 xan.** 20h30 e 22h30. **LEONERA**
**xoves 19 feb.** 20h30 e 22h30. **LAS HORAS DEL VERANO**
**xoves 26 feb.** 20h30 e 22h30. **MY BLUEBERRY NIGTS**




# Centro Dramático Galego
# **A boa persoa de Sezuán**

## venres 13 febreiro. 21h
**xoves 12 febreiro. Función escolar 10h30**

**Autor:** Bertolt Brecht
**Dirección:** Nuno Cardoso
**Elenco:** Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Machi Salgado, Toni Salgado e Hugo Torres

Pasaron sesenta e cinco anos desde que un expatriado Brecht escribiu na vella California esta fábula amarga onde a bondade é detestada ao límite nun mundo desprovisto dela, e no cal a boa persoa en cuestión adquire interpretacións cada vez máis distantes daquilo que o sentido común nos leva a definir como bondade ou persoa bondadosa.

A obra comeza coa baixada á Terra de tres deuses coa esperanza de atopar persoas que sigan os seus ditados, isto é, que sexan persoas boas e xustas. A primeira que descobren é a única que os acolle en Sezuán: Xen Te, unha prostituta a quen premian dándolle outro medio de vida, unha tenda de tabaco. Pero os habitantes da aldea non tardarán en aproveitarse descaradamente das boas intencións da moza, polo que esta, farta deles, decide disfrazarse dun personaxe masculino chamado Xui Ta, que con enorme frialdade expulsa a todos os que queren vivir a conta do seu sacrificio.



